

AS SALINAS DO ULLÓ


SÉCULO XVII

A salina do Ulló, que deixou de fabricar sal a principios da década de 1720, conta con dous grandes estanques rectangulares contiguos que se construíron aproveitando unha enseada natural do fondo da ría.

O sal é un elemento básico para a conservación dos alimentos, sobre todo carne e peixe. Desde a prehistoria é o aditivo máis antigo utilizado na alimentación e un dos piares principais de todas as culturas. O sal mariño é elemento natural rico en minerais.

Desde a Idade Media as salinas converteron o litoral de Galicia nun espazo altamente produtivo. A produción de sal terá unha función de apoio á pesca moi relevante, xa que permitía a súa conservación e exportación.

A introdución das latas de conserva para comercializar o peixe a partir de 1840 acabou coa salgadura de peixe como método principal de conservación deste alimento.



Peches de Mer. Histoire de L'Etat de la France. Voyage de la Mer. 1711. - Roger de La Planche

Ilustracións de 1771 da Enciclopedia de D'Alambert e Diderot sobre os traballos de salgadura de sardiña

O menor dos vasos ten unhas dimensións de 7,78 ha e estaba dividido en cuadrículas ou tallos ortogonais separados por banquetas. Aquí estaban os **cocedoiros** ou eiras de planta rectangular nos que se evaporaba a auga salina, permitindo a cristalización do sal. Estes cocedoiros estaban interconectados a través de comportas, de forma que a auga pasaba de un a outro por inundación.

É seguro tamén que no ámbito das salinas existe unha Casa do Sal ou almacén do sal, mais desconecemos cal era a súa localización exacta. O seu empraizamento tivo lugar, con toda seguridade, nalgúnha parcela próxima.

COCEDOIROS DE SAL

4 A auga procedente da lagoa aumentaba a súa temperatura ao sol durante uns **15 días** ata alcanzar os **22° ou 24°**, o que favorecía a cristalización definitiva do sal, permitindo así a súa colleita

3 Unha vez que acadaba a temperatura idónea, abríanse as comportas dos dous bueiros que conectaban a **lagoa** cos **cocedoiros**

LAGOA

2 A auga do mar permanecía estancada durante uns **30 días** ata alcanzar os **18°** aproximadamente, o que permitía a **precristalización** do sal

O vaso meirande ou lagoa ten unhas dimensións de 12,74 ha. Dentro del tiña lugar a evaporación dunha parte da auga grazas á acción do sol e á ventilación.

Muíño de Mareas

No sector sueste da banca ou muro que separa a lagoa da ría construíuse un muíño de mareas que permitía moer gran dúas veces por día aproveitando a chea do mar. Os restos deste muíño aínda se conservan na Punta do Carregal. A construción do muíño débese ao enxeiro francés Felipe Auguste Cazaux (pronunciado *casól*), responsable da construción do viaduto de Madrid (1876), en Redondela e da ponte internacional de Tui (1885), que foi propietario da casa que se existe na Punta do Carregal. Desde entón a banca na que se levantou o muíño coñécese popularmente co nome de "Banca de Casó".

Bancas
Son os muros de grande solidez de entre 1 e 2 m de grosor e 3-4 m de altura que delimitan os vasos das salinas.

Ao sur do Val do Ulló, no medio do bosque próximo, consérvanse en pé os restos do que antano foi a **Granxa das Salinas**, habitación principal dos administradores do enxeo salineiro. Este edificio, de grande calidade arquitectónica, ademais da distribución convencional (habitacións, cociña, lareira, forno...), tamén conserva os restos dunha singular capela disposta no centro do inmoble. Mais o elemento máis relevante é sen dúbida a súa monumental lareira, toda ela labrada en perplano granítico de primeira calidade. Xunto a este edificio localízase outra casa de dous corpos que serviu de morada aos caseiros da finca.

1 Aproveitando a forza das mareas enchiase a lagoa

RÍA DE VIGO

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Concello de Vilaboa

Para máis información

